




GUÍA DE ACOLLIDA DE PERSOAS MIGRANTES


ÍNDICE



1. Documentos de identificación
2. Trámites sociais
3. Trámites administrativos (Estranxeiría)
4. Arraigos
5. Protección internacional
6. Homologación
7. Formación regrada (para persoas migrantes, independentemente da situación administrativa)
8. Recursos para a busca de emprego
9. Recursos para as persoas migrantes
10. Recursos para persoas migrantes vítimas de violencia de xénero
11. Recursos para persoas migrantes vítimas de trata



Documentos de identificación para persoas migrantes



NIE

O Número de Identidade de Estranxeira/o é un número persoal, único e exclusivo, que se outorga a efectos de identificación ás persoas estranxeiras que se atopan en España por diversos motivos.

Poderán solicitar o NIE aquelas persoas que acrediten atoparse legalmente en territorio español e xustificar documentalmente o motivo da asignación de dito número.

TIE

A Tarxeta de Identidade de Estranxeira/o é un documento único e exclusivo, persoal e intransferible, destinado a identificar ás persoas estranxeiras, aos efectos de acreditar a súa situación no país.

Poderán solicitar esta tarxeta todas aquelas persoas que acrediten atoparse legalmente en territorio español por un tempo superior a tres (3) meses, conforme ao réxime xeral de estranxeiría, ao comunitario e ao de asilo.

Para isto, será necesario contar coa autorización administrativa que permita residir legalmente en España ou, no seu caso, ter recoñecido o dereito para permanecer en España.

PASAPORTE

O pasaporte é un documento individual, familiar ou colectivo, validamente expedido e en vigor, no que consta o selo de entrada do país de destino. A súa función é acreditar a identidade e situación de estancia da persoa no país, nos supostos de non precisar visado de estancia.

Este é un documento que ten que ser solicitado nas oficinas públicas habilitadas no país de orixe.

VISADO

É unha autorización que consta dunha etiqueta estendida nos pasaportes ou documentos de viaxe ou, no seu caso, nun documento aparte e no que se inclúe a información sobre o tempo autorizado a permanecer en España e o tipo de autorización coa que se conta.

O visado pode ser:

- De tránsito (cando non é superior a cinco días);
- De estancia ou de turista (para períodos inferiores a tres meses);
- De estancia por estudos (durante a tempada que duren ditos estudos);
- De busca de emprego (habilita a permanecer en España até tres meses);
- De residencia (por períodos superiores a tres meses, sen traballar);
- De residencia e traballo (habilita para traballar por conta allea e/ou propia. Porén, se na súa caducidade a persoa non atopou traballo nin consta a súa alta na Seguridade Social, terá que, obrigatoriamente, abandonar o país).



Trámites Sociais

Padrón

É o rexistro das persoas residentes e a súa tramitación é obrigatoria para solicitar a tarxeta sanitaria, a escolarización...

A documentación necesaria é:

- Solicitude de alta;
- Fotocopia da documentación de identificación;
- Xustificante da vivenda na que se solicita a alta;
- No caso de que haxa menores de idade, tamén o libro de familia e a custodia (se procede)



R/ Baixos de Raxoi
Teléfono: 981542318

09:00 a
14:00h

Tarxeta Sanitaria

É o documento que permite o acceso á asistencia sanitaria pública e gratuíta de maneira individual.

Para tramitala, necesítase a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento (mínimo tres meses);
- Fotocopia da documentación de identificación.



Centro de Saúde
segundo zona de
residencia

[Vite](#) [Fontiñas](#)
[Conxo](#) [Galeras](#)
[Concepción Arenal](#)



Escolarización

É obrigatoria para as/os menores de dezaseis anos. A solicitude de pre-inscrición realízase nos prazos académicos establecidos de forma presencial ou a través da sede da Xunta de Galicia, e necesítase:

- Impreso de matrícula;
- Fotocopia da documentación de identificación das persoas membro da familia;
- Copia do libro de familia;
- Acreditación de cumprir os requisitos académicos esixidos.



Accede á lista de
centros clickando [aquí](#)

Conta bancaria

A conta de pago básica facilita o acceso aos servizos básicos: retirar efectivo, facer transferencias, domiciliar unha nómina... A conta é gratuíta para colectivos vulnerables durante dous anos.

Para tramitala, necesítase:

- Fotocopia da documentación de identificación;
- Acreditación da actividade económica-profesional (contrato de traballo, solicitude de prestacións...);
- Informe de vulnerabilidade social (Servizos Sociais).



Entidade bancaria na que se
vai solicitar a creación da
conta

Trámites administrativos (Estranxeiría)



Trámites na Oficina de Estranxeiría



Trámites na Policía Nacional



Na Oficina de Estranxeiría pódense realizar os seguintes trámites e solicitudes:

- Primeira autorización de longa duración
- Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais (Arraigo)
- Autorización de traballo por estudos
- Autorización de residencia de persoas menores de idade
- Estancia por estudos
- Tarxeta de familiares residentes comunitarios
- Prórroga de estancia por estudos
- Reagrupamento familiar
- Renovacións de autorización de residencia e/ou de residencia e traballo
- Renovacións de autorización de residencia con traballo
- Renovación de autorización de residencia por reagrupamento familiar
- Autorización de traballo e residencia inicial por conta allea

 R/ Calle Real, 53 (A Coruña)
 Teléfono: 981989360

Na oficina da Policía Nacional, pódense realizar os seguintes trámites e solicitudes:

- Recollida da Tarxeta de Identidade de Estranxeira/o (TIE)
- Expedición ou renovación de documentos de protección internacional
- Certificados e asignación do Número de Identidade de Estranxeira/o (NIE)
- Información sobre o procedemento de asilo
- Autorización de regreso ao país de orixe
- Carta de invitación
- Certificados de residencia, non residencia e de concordancia
- Toma de pulgada (expedición de tarxetas), renovación de tarxeta de longa duración e solicitude de duplicados
- Protección internacional temporal para persoas desprazadas (Ucráína)
- Información de trámites da Comisaría de Policía

 Av. Rodrigo del Padrón, 3
[Santiago]
 Teléfono: 981551100

Arraigos

Social

Demostrar un período de **residencia de 3 anos** e, ademais:

- **Contrato de traballo** (que garanta o SMI)
- **Vínculos familiares** en España (ascendentes ou descendentes de primeiro grao); ou **Informe de arraigo** (relativo á integración social) dos Servizos Sociais



R/ Alcalde Raimundo López
Pol

Teléfono: 981542495

UAMI Santiago



Laboral

- Demostrar un **período de residencia de**, polo menos, **2 anos** de forma continuada;
- Ter unha **relación laboral** (contrato de traballo) cunha duración **non inferior a seis meses**.



R/ Alcalde Raimundo López
Pol

Teléfono: 981542495

UAMI Santiago



Familiar

- **Pai, nais e titoras/les de nacionalidade española** ou persoas que presten apoio a unha persoa española con discapacidade;
- **Cónxuxe ou parella de feito dunha persoa con nacionalidade española**; ascendente maior de 65 anos ou menor de 65 a cargo; e descendente menor de 21 anos ou maior de 21 anos a cargo (de nac. española)
- **Fillas/os de pai ou nai que fosen orixinalmente españois**.



R/ Alcalde Raimundo López
Pol

Teléfono: 981542495

UAMI Santiago



Formación

- Demostrar un **período de residencia de**, polo menos, **2 anos** de forma continuada;
- **Compromiso de realizar unha formación** regulada para o emprego, un **certificado de profesionalidade** ou acollerse ás posibilidades de **formación universitaria permanente**.




R/ Alcalde Raimundo López
Pol

Teléfono: 981542495

UAMI Santiago



Proceso de solicitud de protección internacional



Homologación

Títulos non universitarios

A solicitude de homologación de títulos non universitarios é **competencia da Xunta de Galicia** e pode realizarse de forma presencial ou a través da sede electrónica achegando:

- Documentación de identificación;
- Título ou diploma obxecto de homologación;
- Certificado académico no que consten as materias e cualificacións e anos cursados;
- Resgardo do pagamento da taxa;
- Anexo III da solicitude.

En caso de ensinanzas de formación profesional ou de réxime especial, poderán solicitar outros documentos como o plan de estudos, programas das materias, acreditación de prácticas profesionais, etc.

Os documentos terán que ser **oficias, estar legalizados e contar coa apostilla do Convenio da Haia** (salvo Estados membros da UE e do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo).

O prazo de resolución é de **tres meses**.



R/ Vicente Ferrer, 2 (A Coruña)
Teléfono: 981184783

ou a través da sede electrónica

Títulos universitarios

A solicitude de homologación de títulos universitarios é competencia do **Ministerio de Universidades** e ten que realizarse a través da sede electrónica do mesmo, accesible a través desta [ligazón](#).

A documentación a presentar é:



- Documentación de identificación;
- Título ou diploma obxecto de homologación;
- Certificado académico no que consten as materias e cualificacións e anos cursados;
- Resgardo do pagamento da taxa;
- Acreditación da competencia lingüística;
- Declaración responsable de veracidade.

Dependendo da titulación, poderase esixir outra documentación.

Os documentos terán que ter **tradución ao castelán, estar legalizados** e contar coa **apostilla do Convenio da Haia**.

Colombia asinou un acordo que axiliza a tramitación dos títulos de acceso á universidade, a través de [UNEDassis](#), da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).



Na seguinte [ligazón](#) podes atopar unha guía sobre como facer este trámite.

Formación regrada

(Posibilidade de acceso independentemente da situación administrativa)

Educación para persoas adultas


A **educación de persoas adultas** dá a posibilidade de realizar **estudos de formación básica obrigatoria** a persoas maiores de idade.

Existe a posibilidade de cursar:

- Ensinanzas básicas iniciais, de nivel I e II que permiten o acceso á ESA.
- Educación Secundaria para persoas adultas.
- Bacharelato para persoas adultas.
- Outras ensinanzas: Aulas Mentor.
- Formación profesional para persoas adultas. Consulta a información [aquí](#).

 IES Plurilingüe Rosalía de Castro
R/ San Clemente (Santiago)
Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato (presencial)

 IES San Clemente
R/ San Clemente (Santiago)
Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Aulas Mentor (distancia)

 IES Arcebispo Xelmirez I
R/ da Poza de Bar
Ensinanzas básicas iniciais, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato (presencial)

Prazos de matrícula en setembro (presencial) e entre marzo-maio (a distancia)

Competencias clave

As **competencias clave** son **probos escritos oficiais en 4 competencias clave** (castelán, galego, matemáticas e inglés) mediante as que se verifica o dominio das capacidades e coñecementos básicos.

Son **convocadas de forma anual** e cada proba dura aproximadamente unha hora.

Poderá presentarse **calquera persoa maior de 16 anos con documento de identificación** pero **requerirase de DNI/NIE para expedir o certificado de superación das probas**.

Existen cursos de competencias clave impartidos por entidades do sector social autorizados pola Xunta de Galicia. Poden solicitarse nas oficinas de emprego.

 R/ Ramón Piñeiro, 13
Teléfono: 881866380
ou a través da sede electrónica


Prazos de matrícula entre xaneiro e febreiro
As probas realízanse en maio

Certificados de profesionalidade

Os **certificados de profesionalidade** acreditan os coñecementos ou as habilidades necesarias para desempeñar un traballo recoñecido. Poden realizarse a través das **accións formativas impartidas pola Xunta de Galicia nos centros autorizados** (IES e de Formación Profesional).

Poden ser de **nivel 1** (non se esixen requisitos) ou de **nivel 2 e 3**, para os que se solicitan determinados requisitos como: ter un certificado previo, o exame de competencias clave aprobado ou o graduado escolar.


Consulta a información sobre os certificados na seguinte [ligazón](#).


Máis información
 R/ Ramón Piñeiro, 13
Teléfono: 881866380
ou a través da sede electrónica

Recursos para a procura de emprego


Servizos públicos

Oficina de Emprego de Santiago

 R/ Ramón Piñeiro, 13

 Teléfono: **881866380**


 R/ Coto, 19


 Teléfono: **881867306**

Pide cita previa [aquí!](#)



Axencia Local de Colocación

 R/ do Alcalde Raimundo López Pol, s/n

 Teléfono: **981543060**

Páxinas web

[Infojobs](#)

Descarga a APP!



[Galejobs](#)

[Linkedin](#)

É unha rede social de profesionais na que se pode buscar emprego e recursos.

ETTS

[ADER](#)

[EUROFIRMS](#)

[IMAN PRO](#)

[RANDSTAND](#)

[ADECCO](#)

[FLEXIPLAN-EULEN](#)

[MANPOWER](#)

[NORTEMPO](#)

Preme no nome da ETT para acceder a súa páxina web!

CLICK



Recursos

en Santiago de Compostela

Entidades sen ánimo de lucro



Plataforma polo Emprego



R/ Concheiros, 33

Teléfono: 981580506

Cáritas Interparroquial



R/ Hospitaliño, 2 (Esq. San Roque, 1)

Teléfono: 981576142

Asociación de Persoas Migrantes de Galicia (AMIGA)



R/ Sánchez Freire, 3

Teléfono: 981530776

Cruz Vermella



Av. de Lugo, 42

Teléfono: 981586969

Arraianas



R/ Pexigo de Arriba, 32
(Baixo)

Teléfono: 623004843

Asociación Provivienda



R/ Manuel María, 6
(CABES)

Teléfono: 627813612

Médicos do Mundo



R/ Galeras, 13, 2º Porta

Teléfono: 981578182

Movemento pola Paz



R/ Lisboa, 2, Local

Teléfono: 981801622

Servizos públicos municipais

Unidade de Atención ás Migracións (UAMI)



R/ Alcalde Raimundo López Pol, s/n (Edificio CERSIA)



Teléfono: 981542495

Servizos Sociais



R/ Isaac Díaz Pardo, 2-4 (Galeras)



Teléfono: 981542465



R/ Manuel María, 6 (CABES)



Teléfono: 981542471



R/ Berlín, 13 (Fontiñas)



Teléfono: 981528750

Pide cita a través da seguinte [ligazón](#).



Outros recursos

Cociña Económica



Praza do Irmán Gómez

Roupa

Cáritas Interparroquial



R/ Hospitaliño, 2 (Esq. San Roque, 1)



Teléfono: 981552140

Sindicatos

Confederación Intersindical Galega (CIG)



R/ Miguel Ferro Caaveiro, 10



Teléfono: 981583200

Comisións Obreiras (CCOO)



R/ Miguel Ferro Caaveiro, 8



Teléfono: 981551800

UGT Galicia



R/ Miguel Ferro Caaveiro, 12



Teléfono: 981577171



Mulleres migrantes vítimas de violencia de xénero

Autorización de residencia

Existen dous tipos de autorizacións de residencia para mulleres migrantes vítimas de violencia de xénero:

- **Autorización de residencia e traballo independente das mulleres estranxeiras reagrupadas co seu cónxuxe/parella**, acreditada a través dun informe do Ministerio Fiscal ou orde de protección, que contará cunha duración de 5 anos; e
- **Autorización temporal e traballo por circunstancias excepcionais das mulleres estranxeiras en situación administrativa irregular** (para as mulleres e fillas/os menores de idade), concedida cando conclúa o procedemento penal cunha sentenza condenatoria ou resolución xudicial, e terá unha duración de 5 anos. Coa solicitude, **concederáse de oficio unha autorización provisional**.

Denuncia por violencia de xénero

As mulleres migrantes en situación administrativa irregular poderán realizar unha denuncia por violencia de xénero sen que isto supoña o inicio do procedemento administrativo sancionador por atoparse de forma irregular.

Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero

- Medidas de protección e seguridade
- Asistencia social integral
- Asistencia xurídica gratuíta en todos os procesos e procedementos directos ou indirectos relacionados coa violencia sufrida

Prestacións ás que poden acceder

- Ingreso Mínimo Vital
- Renda Activa de Inserción
- Axuda de pago único (incluída no artigo 27 da Lei Orgánica de Violencia de Xénero)
- Anticipo de fondo de garantía de pagamento de alimentos
- Renda de Inserción Social de Galicia
- Fondo de Emerxencia
- Dereito ao recoñecemento de pensión de viuvez en supostos de violencia de xénero

Centro de Información ás Mulleres

📍 R/ Isaac Díaz Pardo, 2
☎️ Teléfono: 981 54 24 65

Solicita cita previa nesta [ligazón](#)

Teléfono contra a violencia de xénero

☎️ Teléfono: 016

Teléfono de emerxencias

☎️ Teléfono: 012

Quenda da garda social para mulleres vítimas de violencia de xénero

☎️ Teléfono: 012

Persoas migrantes vítimas de trata sexual



Definición



A trata supón a captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, facendo uso da ameaza ou da forza, así como doutras formas de coacción, ao rapto, ao fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concesión ou recepción de pagos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra con fins de explotación. Esta explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas análogas á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos.



Recursos



Rede Galega contra a Trata Sexual

Accede á web [aquí](#) 

 **ACCEM A Coruña**
Praza José Toubes Pego, 1, 2º
 Teléfono: **981168897**

 **Médicos do Mundo Galicia**
R/ Galeras, 13
 Teléfono: **981578182**



 **Ecos do Sur A Coruña**
Av. Finisterre, 109
 Teléfono: **881965692**

 **Programa Vagalume (Cáritas)**
R/ dos Loureiros, 3
 Teléfono: **981585515**

Prestacións ás que poden acceder

- Ingreso Mínimo Vital
- Renda Activa de Inserción
- Renda de Inserción Social de Galicia

Centro de Información ás Mulleres

 R/ Isaac Díaz Pardo, 2
 Teléfono: 981 54 24 65

Solicita cita previa nesta [ligazón](#) 